




11/27/05/10



PTU-LU-08/021
O CORGO (LUGO)
DSNR DONALBAN
AD- RESOLUCIÓN
Pax. 1 de 3

Sr. Alcalde do Concello do Corgo
(Lugo)

Notifícolle que con data de 19 de abril de 2010 a secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou a resolución que literalmente di:

"RESOLUCIÓN SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO SOLO DO NÚCLEO RURAL DE DONALBÁN, NA PARROQUIA DE SANTIAGO DE LAXOSA, CONCELLO DE O CORGO (LUGO).

I.- ANTECEDENTES

O concello de O Corgo remite o proxecto de delimitación referido, aos efectos de obter a súa aprobación definitiva, conforme á Disposición Adicional 2ª.2 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Este concello carece de instrumentos de planeamento xeral, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polas Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial en adiante NCSP.

O Proxecto está integrado por memoria, planos e anexos (superficies ocupadas e edificadas, nomenclátor e anexo fotográfico), redactados en setembro de 2.009 polo arquitecto técnico municipal.

- 9 de setembro de 2008 o Director Xeral de Urbanismo resolveu non aprobar unha delimitación anterior do mesmo Núcleo, indicando as deficiencias que deberían ser corrixidas aos efectos de acadar a aprobación definitiva.
- Con data 12 de xaneiro de 2010 a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo dita resolución pola que acorda non aprobar unha segunda proposta de delimitación, aprobada provisionalmente con data 25/09/09, sinalando varias correccións a realizar.

Respecto da tramitación administrativa, cabe sinalar o seguinte:

1. O expediente foi aprobado inicialmente por Decreto da Alcaldía de 3 de xuño de 2009.
2. Cumpríuse co trámite de información pública mediante anuncios no DOG de 16/07/09; e nos xornais "El Progreso" e "La Voz de Galicia" de Lugo, dos días 7 e 17 de xuño de 2009, segundo a certificación do secretario municipal do 21/09/09.



PTU-LU-08/021
O CORGO (LUGO)
DSNR DONALBAN
AD- RESOLUCIÓN
Pax. 2 de 3

3. Presentáronse catro alegacións que deron orixe á segunda proposta de delimitación.
4. O terceiro Proxecto de delimitación do núcleo rural de Donalbán, redactado para corrixir as deficiencias apuntadas na Resolución autonómica de 12 de xaneiro pasado, foi aprobado provisionalmente polo Pleno do concello na súa sesión celebrada o 26 de marzo de 2010.

O expediente cumpre, respecto da documentación e tramitación administrativa, as determinacións contidas no apartado 2 da disposición adicional segunda da lei 9/2002 e demais normativa aplicable.

II. CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTACIÓN.

Tras analizar a documentación de referencia e á vista do informe da Subdirección Xeral de Urbanismo, cómpre formular as seguintes consideracións:

II.1. Donalbán aparece recoñecido no Nomenclátor de entidades de poboación da provincia de Lugo (decreto autonómico 6/2000) así como no Nomenclátor de entidades de poboación do Instituto Nacional de Estatística.

II.2. Delimítase un núcleo composto por dúas áreas consolidadas: a occidental con 2 vivendas e unha superficie bruta duns 3.822 m² (aprox. 3.104 m² netos); e a oriental con 26 vivendas e 45.650 m² (aprox. 40.516 m² netos). Así mesmo, delimítanse tres áreas de expansión cunha superficie neta global de 45.578 m².

II.3. De acordo co aptdo. 5 do Proxecto de delimitación e planos nº 3 a 7, as áreas consolidadas presentan unha superficie construída total de 8.723,90 m², a cal é lixeiramente superior á metade da que se podería edificar dentro daquel consonte ás condicións urbanísticas aplicables, co que se alcanza, a nivel global, o grao de consolidación edificatoria mínima establecido no art. 13.3.1º inciso, da LOUG. Así mesmo, a superficie edificada dentro de cada unha destas áreas –cuantificable a partir dos datos indicados nos planos nº 3 a 7- representa aproximadamente a metade da que se podería edificar en cada unha delas.

II.4. No aptdo. 6 do Proxecto xustifícanse as áreas de expansión en base á súa situación inmediata ao núcleo tradicional, á súa aptitude para servir ao asentamento residencial e á inexistencia de valores ou afeccións que esixan a exclusión do núcleo (art. 13.3, 2º inciso, da LOUG en relación co 32.2 da mesma norma legal).

A nova delimitación corrixе as observacións sinaladas na resolución de 12 de xaneiro de 2010, nomeadamente cánto a:

1. Reduce a área de expansión excluindo desta as zonas de afección da infraestrutura da liña eléctrica de 20-30 Kw que diócorre polo oeste do núcleo.
2. Recolle a existencia do patrimonio cultural existente no núcleo sinalando un conxunto de interese etnográfico, diversos pombais e un forno.



PTU-LU-08/021
O CORGO (LUGO)
DSNR DONALBAN
AD- RESOLUCIÓN
Pax. 3 de 3

3. Reduce a zona da área de expansión excluindo desta parcelas afectadas por unha masa forestal no leste do núcleo; e xustifícase na parcela 146 do polígono catastral 10 como destinada a un equipamento para tratamento de enfermos autistas.

De acordo co punto 2 da Disposición Adicional Segunda da LOUG, e co artigo 12.1.b do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos expedientes de delimitación de solo de núcleos rurais correspóndelle á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

III. RESOLUCIÓN

Visto canto antecede, RESOLVO:

Aprobar o proxecto de delimitación do solo de núcleo rural de Donalban na parroquia de Santiago de Laxosa, no Concello de O Corgo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte ó de notificación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente (artigos 48, 58, 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro).

No suposto de que o interesado sexa unha administración pública non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso - administrativo perante a sala do Contencioso - administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, no seu caso, do requirimento previo en igual prazo (artigo 44 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo da xurisdición contencioso - administrativa).

Notifíquese o concello e publíquese no Diario Oficial de Galicia."

O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.


Santiago de Compostela, 5 de maio de 2010

O Subdirector Xeral de Urbanismo

Eduardo Sobrino Rodríguez



CONCELLO DE O CORGO



APROBADO DEFINITIVAMENTE POR RESOLUCIÓN
DO SECRETARIO/A XERAL DE ORDENACIÓN
DO TERRITORIO E URBANISMO


DE DATA
19 ABR. 2010



COAS CONDICIONS QUE NELA FIGURAN
O Xefe do Servizo Provincial
de Urbanismo de Lugo

Asda.: José Luis Lasada López

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente documento de delimitación de núcleo rural de Donalbán (Laxosa) fue aprobado provisionalmente por acuerdo del Pleno de 26 de marzo de 2010. El Secretario: Marco Antonio García Gabián Sangüil



- VIVENDA TRADICIONAL
- VIVENDA NON TRADICIONAL
- EDIFICIO AGROPECUARIO TRADICIONAL
- EDIFICIO AGROPECUARIO NOVO
- ELEMENTOS DE INTERESE ETNOGRÁFICO
- CONXUNTO DE INTERESE ETNOGRÁFICO
- R RUINA
- TENDIDO ELÉCTRICO DE MEDIA TENSIÓN
- DELIMITACIÓN DO NÚCLEO TRADICIONAL
- VIALES
- NÚCLEO TRADICIONAL
- ÁREA DE EXPANSIÓN

DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL			
TÍTULO	SITUACIÓN, EDIFICACIONES E OUTROS ELEMENTOS		
NÚCLEO	DONALBÁN		Nº DE PLANO
PARROQUIA	SANTIAGO DE LAXOSA		1
ESCALA	1/2.000	FECHA	Xaneiro 2010
AUTOR	ANTONIO M. BEJAS PARDO - ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL - CONCELLO DO CORGO		